

**PROMOTOR:** Xunta provincial da Coruña da Asociación Española contra o cancro (AECC)

**VIXENCIA:** 28/10/2018 [ prórroga 11/03/2022]

**OBXECTIVO:** Acompañamento a pacientes, con tratamentos ambulatorios e/ou consultas oncolóxicas que acoden ao Hospital Teresa Herrera mentres a súa familia vai estacionar ou a buscar o seu vehículo unha vez finalizada a consulta e/ou tratamento.

Na planta baixa do Hospital Teresa Herrera localízanse as consultas externas de oncoloxía e o hospital de día de oncoloxía. Aínda que se atopan accesibles, as persoas que son acompañadas polas súas familias e que teñen limitacións de mobilidade, deben permanecer soas mentres o seu familiar estaciona o vehículo nos aparcamentos próximos.

**BENEFICIARIOS:** Pacientes en tratamento oncolóxico

**ACTUACIÓNS:** Á súa chegada as persoas voluntarias acompañan á persoa enferma á consulta que corresponda, á saída acompañan a súa espera no Hall do hospital. A actividade desenvolverase en horario de mañá de luns a venres.

